


KIKO E A MAN





KIKO E A MAN





Este é Kiko.

E, ao seu carón, está a amiga de Kiko: a man.

**—Pero, de que serve ter unha soa man como amiga? —
pregunta Kiko.**

—Axiña o descubrirás —responde a man.

—Ola, man! Quero voar,
pero non teño ás —di Kiko.





—De acordo, Kiko —di a man—, eu serei o teu avión. Podes embarcar agora, porque despego xa.

SSSSSSSSSS —soa o avión.


—Ola, man! As miñas pernas queren bailar, pero non teño música —di Kiko.

—De acordo, Kiko —di a man—. Serei o teu músico. Teño un piano e os meus dedos saben como facer cantar as teclas.

PLING, PLONG, PLING —soa o piano.



—Ola man! Quero comer algo rico,
pero non sei que —di Kiko.





—De acordo, Kiko —di a man—. Queres unha torta de mazá, de chocolate, de regalicia ou de plátano?

—Quero unha torta de mazá, chocolate, regalicia e plátano! —berra Kiko.

ÑAM, ÑAM, ÑAM



—Ola, man! Quero xogar á pilla, pero non podo xogar só —di Kiko.

—De acordo, Kiko. Serei o teu compañeiro de xogos —di a man.

—Podo tocarche o pelo? —pregunta a man.

—Si, claro que podes —di Kiko.



—Podo tocarche o nariz?
—pregunta a man.

—Si, claro —di Kiko.

—Podo tocarche a man?
—pregunta a man.

—Si, claro —di Kiko.



E podo tocar dentro da túa roupa interior? —
pregunta a man.

NON! —berra Kiko—. **ISO SI QUE NON!**



—Moi ben, Kiko —di a man—. Ninguén pode tocar dentro da túa roupa interior.

Esa é a regra de Kiko.

E se unha persoa o fai, cóntallo a alguén. Non o manteñas en segredo.





—Ola, man! Quero viaxar ao país dos soños,
pero non sei como chegar alí —di Kiko.

—De acordo, Kiko. Ensinareiche o camiño —di a man—.
Tómbate na cama, pecha os ollos e chegarás alí ti só.



ZZZZZZZZZ —di Kiko.

Estímase que un de cada cinco nenos é vítima de violencia sexual, incluído o abuso sexual.
Este libro foi producido polo Consello de Europa, no marco da súa campaña UN de cada CINCO,
para lle poñer fin á violencia sexual contra os nenos e as nenas.

Council of Europe campaign
to stop **sexual violence**
against children



Campaña do **Consello de Europa**
contra a violencia sexual
sobre nenos, nenas e adolescentes

un de
cada **cinco**

www.coe.int/oneinfive


© 2013 Reservados todos os dereitos - GAL

Concepto: Grey Amsterdam

Compañía produtora: Not to scale

Ilustracións: Punga

Agradecementos a Rikky Schrever e a Manon Sikkel





Neste conto, explícase a regra de Kiko, unha guía sinxela para os pais, as nais e os educadores que desexan axudarlles aos nenos e ás nenas a evitaren o contacto físico inadecuado, a saber como deben reaccionar en caso de que unha situación os incomode e a que saiban a quen han dirixirse para pedir axuda.

Os pais e as nais poden lérllela en voz alta aos seus fillos, pero tamén se pode usar na escola ou en calquera outro lugar no que participen os nenos e as nenas. Se desexa descargar esta publicación e outros materiais relacionados coa prevención da violencia sexual e o abuso sexual contra os nenos, as nenas e os adolescentes, visite a web do Consello de Europa (www.laregladekiko.org) ou a web da Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil/FAPMI (www.fapmi.es).



ENSÍNELLE AO SEU FILLO A REGRA DE KIKO
www.laregladekiko.org